



Concello de Cangas

## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
XGL/2017/46	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	9 de outubro de 2017
<b>Duración</b>	Desde as 20:00 ata as 20:28 horas
<b>Lugar</b>	SALA DE SESIÓNS
<b>Presidida por</b>	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
<b>Secretario</b>	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	NON
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
78734984G	SUSO PEREZ GALLEGO	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	NON

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

**A) PARTE RESOLUTIVA**

**Aprobación das actas das sesións anteriores realizadas os días 25 de setembro e 2 de outubro de 2017**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas os días 25 de setembro e 2 de outubro de 2017.

**Expediente 6268/2017. Solicitud de pasaxe permanente**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por C. C. S. de sinal de pasaxe permanente no Freixo, nº 11, a Xunta de Goberno Local acorda acceder o solicitado, así coma o pintado dunha liña amarela lonxitudinal continua diante do portal de entrada.

O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.

**Expediente 4556/2017. Solicitud de instalación de espello**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de R. O. S. para a instalación de espello no cruce da rúa do Castelo coa estrada de Erbello, a Xunta de Goberno Local acorda que polo Departamento de Sinalización se proceda a instalar un espello no referido lugar para facilitar a incorporación do tráfico á estrada de Erbello.

**Expediente 4877/2017. Proposta de aprobación do plan de seguridade e saúde do proxecto: “Restitución de escaleiras na subida a rúa Bos Aires”**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE OBRAS E SERVIZOS RELATIVA Á APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DO PROXECTO : "RESTITUCIÓN DE ESCALEIRAS NA SUBIDA A RÚA BOS AIRES"

1º.- Visto o informe de Dna M. I. M. F., coordinadora de seguridade e saúde durante a execución das obras de 'Restitución de escaleiras na subida á rúa Bos Aires', no que indica que a empresa adxudicataria, PEDRAS DE ALDÁN SLU, presentou o Plan de Seguridade e Saúde en cumprimento do establecido no artigo 7 do Rd 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, (BOE 25.10.1997) e que o mencionado plan se axustase ao estipulado na lexislación vixente informando favorablemente.

2º.- Vista a necesidade de aprobación do plan de seguridade e saúde para apertura do centro de traballo previo ao inicio das obras.

Polo exposto elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o plan de seguridade e saúde do proxecto: 'Restitución de escaleiras na subida a rúa Bos Aires'".

**Expediente 6113/2017. Solicitud de subvención para a contratación de axentes de desenvolvemento local (TR351B 2017)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

As directrices europeas sobre o emprego recollen a importancia da creación de postos de traballo a nivel local e bosquexan unha estratexia de implicación de toda a sociedade nese empeño.

Para que as administracións locais actúen como impulsoras da creación de emprego, creouse a figura subvencionada do/da axente de emprego e desenvolvemento local, para realizar tarefas de promoción de actividades, prospección de mercado, e asesoramento de proxectos de empresa.

Co motivo de incorporar esta figura á oferta de servizos municipais, creouse a Axencia de Desenvolvemento Local, configurándose como un centro de referencia a nivel local para a programación e planificación de accións formativas, asesoramento a desempregados/dempregadas, emprendedores/emprendedoras e empresas, estímulo do espírito emprendedor e apoio á economía social e ao autoemprego.

Desde a súa creación, a Axencia de Desenvolvemento Local, ven a desenvolver as súas tarefas con efectividade, entre as que destacamos:

- Asesoramento para a creación de empresas.

- Solicitud de axudas e subvencións para emprendedores/emprendedoras e empresas.

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



- Promoción do espírito emprendedor.
- Xestión de programas de mellora da empregabilidade: programas de cooperación, etc.
- Xestión do viveiro de empresas municipal.
- Xestión da “Aula do emprendedor”.
- Deseño de estudos, informes e programas de fomento do emprego e a formación.
- Orientación laboral a desempregados/desempregadas.

Para que este servizo continue realizando o seu labor, contando coa subvención da Consellería de Economía, Emprego e Industria cómpre a solicitude dunha axuda, ao abeiro da Orde do 11 de setembro de 2017 da devandita consellería.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**PRIMEIRO.-** Solicitar subvención para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2017, no ámbito da colaboración coas entidades locais, segundo se establece na Orde do 11 de setembro de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

**SEGUNDO.-** Comprometerse a incluír partida orzamentaria correspondente dos orzamentos xerais do vindeiro exercicio, unha cantidade que permita cubrir o importe correspondente á achega municipal para a contratación anual desta persoa, que se estima por importe de vinte e cinco mil novecentos sesenta e tres euros con corenta e sete céntimos (25.963,47 €).

**Expediente 370/2017 (C-17/11) Proposta adxudicación definitiva do servizo de mantemento de equipos e redes informáticas**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte:

**PROPOSTA**

*"Expediente nº: C-17/11\_\_370/2017*

*Contrato: servizo de soporte e mantemento informático de equipos, redes e servidores*

*Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do servizo de mantemento de equipos, redes e servidores informáticos deste Concello.*

*Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a mesa de contratación, como órgano competente para a valoración das ofertas, realizou proposta de adxudicación a favor da mercantil 'EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS SL', por resultar esta a oferta economicamente mais vantaxosa das achegadas.*



Visto que esta empresa chegou en tempo e forma (registro nº 2017-E-RE-230 do día 04.10.2017) a documentación xustificativa de cumprir cos requisitos esixidos, do pago do anuncio de licitación e que así mesmo constituíu garantía definitiva por importe de setecentos corenta e nove euros con setenta e oito céntimos (749,78 €), mediante transferencia bancaria.

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

#### ACORDO

Primeiro.- Adjudicar á empresa 'EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS SL', o contrato de servizo de mantemento de equipos e redes informáticas polo seguinte importe anual:

Ø Importe neto: .....14.995,55 €

Ø IVE: .....3.149,06 €

Ø Total: .....18.144,61 €

Segundo.- A duración deste contrato é de 2 anos susceptible de dúas prórrogas de carácter anual.

Terceiro.- Dispoñer o gasto que para o Concello supón este contrato con cargo á aplicación 920.22799 do vixente orzamento municipal.

Cuarto.- Notificar este acordo ao adxudicatario e citar ao seu representante para a formalización do contrato.

Quinto.- Nomear responsable do contrato aos empregado municipal Alfonso Sestay Martínez, a quen lle corresponderá supervisar a súa execución, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sexto.- Notificar a adxudicación do contrato aos licitadores que non resultaron adxudicatarios nos termos previstos no artigo 151.4 do TRLCSP.

Sétimo.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de contratos do sector público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do TRLCSP.

Oitavo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico así como ao responsable do contrato."

#### **Expediente 55/2017 (C-17/02) Proposta relativa a falta de solvencia técnica e profesional e declaración de licitación deserta**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimen  
to

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte:

**PROPOSTA**

"Expediente: C-17/02\_\_55/2017



*Contrato: Servizo de elaboración da RPT e Plan de ordenación dos RRHH*

*Vista a cláusula 8ª do PCAP que rexe esta licitación que dispón o seguinte:*

*“Neste prego establécese como requisito mínimo de solvencia técnica e profesional, ter realizado un mínimo de 3 servizos de elaboración de RPT para administracións locais por importe mínimo de vinte mil euros (20.000,00 €) cada un e deberán ser acreditados mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente. Estes certificados poderán ser comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente ou ben polo propio interesado.”*

*Requirida a empresa para que presentara documentación acreditativa do requisito esixido, o día 31.08.2017 entregou no rexistro xeral do Concello (entrada nº 10143) escrito no que o representante legal da empresa “CERTIFICA” que a entidade á que representa cumpre a cláusula 8 do prego de condicións administrativas, relacionada coa solvencia técnica e profesional, tendo realizado un mínimo de 3 servizos de elaboración de RPT para entidades públicas por importe mínimo de vinte mil euros (20.000,00 €) cada experiencia.*

*As entidades públicas e importe dos servizos aos que se refire son:*

<i>Ayuntamiento de Molina de Segura:</i>	<i>.....17.400,00 €</i>
<i>Ayuntamiento de Gandía:</i>	<i>.....26.276,42 €</i>
<i>Feira de Valencia:</i>	<i>.....21.605,76 €</i>
<i>Sociedade de Garantía Recíproca da Comunidade Valenciana:</i>	<i>.....22.490,27 €</i>

*Tendo en conta que Feira de Valencia é un organismo público non administración local, que a SGR da Comunidade Valenciana é unha entidade financeira, que o importe do servizo supostamente realizado para o Concello de Molina de Segura é inferior a vinte mil euros (20.000,00 €) e que, a pesar da prórroga de prazo concedida, a empresa non presentou os certificados acreditativos da realización dos traballos que alega, só se pode concluír que a empresa 'Equipo Humano PE SL', non cumpre co requisito mínimo de solvencia técnica e profesional esixida.*

*Por todo o exposto, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, proponse o seguinte:*

#### **ACORDO**

*Primeiro.- Avogar a competencia que en materia de contratación teño delegada na Xunta de Goberno para os únicos efectos de declarar deserta esta licitación.*

*Segundo.- Excluír da licitación á empresa 'EQUIPO HUMANO PROYECTOS EMPRESARIALES SL', e domicilio a efectos de notificación na Avenida Novo Mesoiro, nº 2 baixo (15190) A Coruña, por non ter acreditada a solvencia técnica e profesional requirida para a execución deste contrato, debendo notificarlle este acordo con indicación dos recursos procedentes.*

*Terceiro.- Declarar deserta esta licitación.*

*Cuarto.- Notificar este acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Intervención e dar conta deste á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice para os efectos da súa ratificación.”*



**Expediente C-17/25\_\_6276/2017. Proposta de inicio de expediente de contratación para o "Servizo de elaboración da RPT e plan de ordenación de RR.HH.**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte:

**"PROPOSTA DA ALCALDÍA**

*Vista a necesidade de dar cumprimento ao disposto no artigo 90.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, respecto da obrigatoriedade de que as corporacións locais formen a relación de todos os postos de traballo existentes na súa organización nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública.*

*Visto o artigo 74 do Estatuto básico do empregado público, segundo o cal: "as administracións públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, polo menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos ou escalas, no seu caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias".*

*Visto o Decreto de Alcaldía de data 4.10.2017 no que se acorda declarar deserta a anterior licitación do contrato administrativo de servizo de elaboración da RPT e do plan de ordenación dos RR.HH., tramitado mediante procedemento aberto (Expediente C-17/02\_\_55/2017).*

*Visto que o artigo 170 c) do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, establece que os contratos que realicen as administracións públicas poderán adxudicarse mediante procedemento negociado cando, despois de tramitarse un procedemento aberto as ofertas non sexan adecuadas, quedando a licitación deserta como é o caso e sendo posible prescindir da publicidade deste en virtude do artigo 177.1 da citada norma.*

*Por todo o que antecede, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:*

**ACORDO**

*Primeiro.- Iniciar o procedemento de contratación do servizo de elaboración da relación de postos de traballo e do plan de ordenación de recursos humanos do Concello de Cangas, que incluíra os traballos de estudo, análise, documentación, descrición e valoración de todos os postos de traballo, así como a estruturación destes.*

*Segundo.- Que polo departamento de Apoio Xurídico se redacten os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que han de rexer o contrato e o proceso de adxudicación.*

*Terceiro.- Que por Secretaría e Intervención se emitan os informes preceptivos."*



**Expediente 5104/2017. Aprobación de expediente de contratación do servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar cursos 2017 a 2019 (Urxencia)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentiment  
o

Dase conta da proposta de Alcaldía de 9 de outubro de 2017.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión de data 31.07.2017, polo que se inicia o expediente administrativo para a adxudicación do contrato administrativo de Servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para os centros de educación infantil e de primaria dependentes do Concello de Cangas durante os cursos 2017/18 e 2018/19.

Visto que o Interventor municipal emitiu o día 14.08.2017 documento de retención de crédito con nº de asentamento 009556.

Visto que polo departamento de Apoio Xurídico se incorporaron ao expediente os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán esta licitación e que constan no expediente os preceptivos informes de Secretaría e Intervención de 9 de outubro de 2017.

Por todo o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación do Servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para os centros de educación infantil e de primaria dependentes do Concello de Cangas durante os cursos 2017/18 e 2018/19, xunto cos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o procedemento de licitación e que constan como anexos a este acordo.

Segundo.- Autorizar o gasto que para o Concello supón esta contratación con cargo á aplicación 326.22799 do vixente orzamento municipal.

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, debendo publicar o correspondente anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no perfil de contratante.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Intervención.

**Expediente 386/2017. Ficha de Empleado. Comunicación de xubilación de persoal municipal (Urxencia)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte:

*"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO ESCRITO DE COMUNICACIÓN DE*





*XUBILACIÓN DO EMPREGADO MUNICIPAL A. C. B.*

*Visto o escrito do empregado municipal A. C. B., con rexistro de entrada nº 11721 de data 02.10.2017, polo que este comunica a súa intención de xubilarse o vindeiro día 13.10.2017, ao que achega informe do INSS, segundo o cal o interesado reúne os requisitos para acceder á xubilación na data indicada na súa solicitude, segundo el con 2 anos e medio de anticipación sobre a idade voluntaria de xubilación ordinaria.*

*Visto que remata este escrito solicitando do Concello que teña a ben darse por informado da súa xubilación e ademais que se lle aplique o disposto no artigo 5.12. "Xubilación anticipada" do convenio colectivo en vigor do Concello do que achega copia.*

*Visto que segundo o citado artigo 5.12 do Acordo regulador das condicións de traballo do persoal ao servizo do Concello de Cangas se dispón que o pedimento da prima por xubilación anticipada se realice dentro do prazo de dous meses a partir do día seguinte ao cumprimento da idade elixida para dita xubilación, sen prexuízo de que os efectos se remitan a data desa xubilación.*

*Á Xunta de Goberno Local elevo a seguinte PROPOSTA:*

*PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da xubilación do empregado municipal A. C. B., comunicada por éste por medio do escrito con rexistro de entrada Nº 11721 de data 02.10.2017.*

*SEGUNDO.- Que polo Departamento de Persoal se proceda a tramitar a baixa laboral por xubilación voluntaria a partir do 13.10.2017.*

*TERCEIRO.- Respecto ao seu pedimento da prima de xubilación prevista no artigo 5.12 do Acordo regulador das condicións de traballo do persoal ao servizo do Concello de Cangas, que polo órgano competente se inicie expediente para dispoñer sobre o solicitado unha vez que a xubilación sexa efectiva".*

**Expediente 3512/2017. SOLICITUDE DE ANTICIPO DA AXUDA CONCEDIDA POLA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL CON CARGO AO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2017-2018**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asenti  
mento

De conformidade coa axuda concedida ao abeiro da Resolución do 18.05.2017 da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, para a execución do proxecto denominado "Capa de rodadura estrada Vilanova-O Hío (Cangas)", polo importe total sesenta e dous mil novecentos corenta e catro euros con vinte e oito céntimos (62.944,28 €).

Aceptada pola Xunta de Goberno Local de data do 25.09.2017 a resolución de concesión, polo importe total de cincuenta e dous mil vinte euros con cincuenta e sete euros (52.020,57 €), distribuída por anualidades, 2017: vinte e seis mil dez euros con vinte e nove céntimos (26.010,29 €) e 2018: vinte e seis mil dez euros con vinte e oito céntimos (26.010,28 €).

Considerando que a resolución de concesión está asinada en data do 22.09.2017 e o prazo de



**Concello de Cangas**

xustificación da primeira anualidade remata o vindeiro día 16 de outubro de 2017.

Visto que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural en data do 04.10.2017, informa sobre a presentación de solicitude de anticipo correspondente á anualidade 2017.

A Xunta de Goberno Local acorda a adopción do seguinte:

Primeiro.- Solicitar da Axencia Galega de Desenvolvemento rural o anticipo de vinte e seis mil dez euros con vinte e nove céntimos (26.010,29 €), correspondente á axuda concedida á anualidade 2017, para a execución do proxecto "Capa de rodadura estrada Vilanova-O Hío (Cangas)".

Segundo.- Declarar que para a axuda concedida non se recibiu ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada.

Terceiro.- Dar traslado do acordo adoptado á Intervención e Subvencións.

#### **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

#### **C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850